

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 24/05/2022**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal - transparencia>)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

[Lista de asistentes](#)

TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
ARGIMIRO SERÉN MERA  
LUZ MARÍA ABALO PÉREZ  
DIEGO GARCÍA SANTIAGO  
JOSE MARÍA GONZALEZ ARAUJO  
MATILDE LAYA LORENZO

[Lista de non asistentes](#)

LINO MOURIÑO SANTIAGO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 24/05/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión. Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 16 de maio de 2022, que se aprobou por unanimidade.

**SECRETARIO**

MIGUEL ANGEL DOMINGUEZ CAMPELO

**INTERVENTORA**

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2022/1332**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Imelda Leal Moreno, solicitando autorización para colocar un posto de venda ambulante de cereixas, con vehículo, os meses de maio, xuño e xullo de 2022 na estrada PO 528 (PK 0) en Vilagarcía (Rotohnda de Fontecarmoa - Rúa da Vereda).

Dáse conta de informe da Policia local, no que se indica que deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes en cada momento.

Dáse conta de informe do Servizo de Mercados, no que indica que esta modalidade de venda ven contemplada no Art. 3 c) do Regulamento Municipal de Venda Ambulante.

Así emos o artigo 7 establece:

**ART. 7. Postos e vehículos de venda ambulante**

1. A venda ambulante realizarase en vehículos ou postos facilmente desmontables e con carácter estacional, para a venda de produtos propios de tempada (castañas, froita, churros...), ou ocasional, nos casos que así o acorde e autorice a Xunta de Goberno Local.

2. As instalacións que se utilicen polo/a titular da autorización, deberán reunir as condicións necesarias para que sirvan de soporte dos artigos que se expenden, debendo reunir as debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público. En ningún caso, estas instalacións sobrepasarán a superficie fixada para o posto autorizado.

4.- As instalacións e/ou vehículos dedicados á venda de produtos alimenticios cumplirán os requisitos establecidos polas normas sectoriais que resulten de aplicación, especialmente as de carácter sanitario, e as que esixa o organismo titular da estrada na que se sitúen.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a Dona Imelda Leal Moreno para a instalación do posto, debendo poñerse en contacto previamente coa Policía Local para a situación exacta do mesmo, axustarse ás condicións fixadas e debendo estar en posesión de toda a documentación para exercer dita venda, así como proceder ao pago das taxas correspondente.

#### **PRP2022/1561**

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Fajardo Recouso en nome do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común solicitando a reposición da beirarrúa anexa ao edificio adquirido e demolido polo Concello na Avda. Rodrigo de Mendoza.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que xa se atopa o proxecto de obras redactado e pode consultalo nas dependencias municipais cando o considere oportuno.(Departamento de Contratación).

#### **PRP2022/1361**

Dáse conta do escrito presentado por D. Augusto Martínez Zamudio, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia coa colocación dunha mesa informativa, o día 14 de maio de 2022, para recoller firmas da Campaña Nacional "Esenciales".

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/1517**

Dáse conta de escrito presentado por Dona Lorena Nuñez Vázquez solicitando a instalación dun espello na Estrada de Cea a Castroguín nº 1, fronte á saída do seu garaxe, para facilitar a incorporación dos usuarios do mesmo á circulación.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación de espellos efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios do citado garaxe.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmoble deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

#### **PRP2022/1564**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos presentados pola Empresa PEYCAR PONTEVEDRA SL para o subministro de uniformidade para auxiliares de Policía Local, con cargo á partida 132.22104:

- Uniformidade axentes contratados, por importe de 2.504,70 € (IVE incluído).
  - Uniformidade novos axentes do cadro de persoal, por importe de 4.861,78 € (IVE incluído).
- Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1570**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa TRADESEGUR SA para o subministro de 25 kts indiciarios sotoxa para análise de drogas en saliva, por un importe total de 1.210,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1571**

Vista a proposta da Concellería de Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa GALICOM COMUNICACIONES SL para a renovación do contrato de aluguer de emisoras de comunicacións (do 20-04-22 ao 20-07-22), por un importe total de 2.153,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1675**

De conformidade coa Liña de Actuación VLG\_A23\_ MARMONTA (1) de “ MARMONTA-Creación dun parque metropolitano de unión mar-montaña (urbano-rural)-Reforma e Humanización Praza Independencia e un tramo da Rúa San Roque” tramitouse unha expresión de interese con data 28-06-2018 para levar a cabo a actuación de “Reforma e Humanización da Praza da Independencia e un tramo da rúa San Roque”, con data de inicio 20-05-2018 e data de finalización 31-12-2020 (Addenda realizada o 17-12-2018).

Para a citada actuación créase o proxecto 2018-2- DUSI-13 “ MARMONTA-Creación dun parque metropolitano de unión mar-montaña” co expediente 1-Reforma e humanización Praza da Independencia e un tramo da Rúa San Roque, consignándose na aplicación orzamentaria 1530-6190017 a cantidade de 422.400 € (337.920 80% Fondos FEDER e 84.480 20% achega Municipal).

Unha vez executada a obra e tendo en conta a modificación de crédito por suplemento de crédito por importe de 92.554,08 €, tramitada para financiar dentro da citada actuación un modificado do proxecto por importe de 28.044,24 € que non é gasto elexible dentro dos fondos FEDER, así como a descertificación na actuación por importe de 64.509,84 € aprobada polo órgano de verificación FEDER correspondente á primeira SPB1, o importe total do proxecto ascende a 514.954,08 €, resultando que existe un saldo no proxecto e por tanto na liña de actuación por importe de 179.983,42 € (80% FEDER e 20% achega Municipal).

Desde a dirección da EDUSI e a responsable do OT9 consideran necesario a aplicación do importe dispoñible na VLG\_A23\_ MARMONTA para a realización doutra actuación que reforce a consecución dos resultados e indicadores da liña de actuación.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Que se declare dispoñible o saldo do proxecto 2018-2- DUSI-13 (1) “ MARMONTA-Creación dun parque metropolitano unión mar-montaña-Reforma e Humanización da Praza da Independencia e un tramo da Rúa San Roque” por importe de 179.983,42 €, na aplicación

orzamentaria 1530-6190017.

Segundo: Que se proceda por parte da Unidade Executora a revisar a operación MARMONTA-Creación dun parque metropolitano unión mar-montaña-Humanización Praza de Independencia e un tramo da rúa San Roque” para os efectos de consignar os importes definitivos da operación. Finalmente a Unidade de Xestión debe dar por finalizada en Galatea a operación “Humanización Praza da Independencia e un tramo da rúa San Roque”, cando a propia aplicación permita, xa que actualmente o modulo de finalización de operacións non funciona correctamente, para que a aplicación Galatea libere o crédito da operación finalizada.

#### **PRP2022/1678**

Vista a proposta do Responsable de Compras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa TELESERVICIO INSTALACIONES DE OFICINA SL para o suministro de cinco cadeiras para o Departamento de Portería, por un importe total de 2.147,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1679**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Construcciones Metálicas Cuevas SL para materiais e man de obra para reparación de tres canlóns do tellado do Centro Cultural de Trabanca Badiña, por un importe total de 836,11 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1680**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Automoción La Junquera SL, para a reparación do vehículo matrícula PO-1813-AU adscrito ao Servizo de Mellora Rural, por un importe total de 654,15 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1681**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa BAYGAR SL, para suministro de material para sinalización de rúas, por un importe total de 9.031,53 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22108.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1682**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de

Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Mantenimientos Contraincendios SL para corrección de deficiencias detectadas nas revisións dos sistemas de protección contraincendios dos edificios e instalacións municipais, por un importe total de 4.384,43 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1684**

Dáse conta do convenio asinado coa Empresa STANFORD OVERSEAS SL para aluguer do terreo situado na Avda. Rodrigo de Mendoza nº 54, cunha superficie de 54.857 m<sup>2</sup>, con ref. catastral 9757601NH1195N0001YG, para a súa utilización como aparcamento, cunha contía anual a aboar de 1.721,32 € (máis IVE).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/1688**

Dáse conta de publicación no BOPPO de 13 de maio de anuncio do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra, Secretaría Xeral, de convocatoria en segunda e terceira poxa dunha finca urbana en Vilagarcía de Arousa. Vivenda de protección oficial no lugar de Trabanca Sardiñeira "Campo del Veinticinco".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/1689**

Dáse conta de publicación no DOG de 13 de maio de 2022 do Real Decreto 373/2022, de 12 de maio, polo que se nomea a D. Alfonso Rueda Valenzuela como Presidente da Xunta de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/1690**

Dáse conta de publicación no DOG de 16 de maio de 2022 do Decreto 60/2022, de 15 de maio, de Presidencia da Xunta de Galicia, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellería da Xunta de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/1709**

Vista a proposta da Concellería de Obras, Alumeado, Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos de realización dos traballos de "Actualización de prezos do proxecto técnico para a execución da obra "Construcción de muro de contención entre Rúa Souto de Arriba e Rúa Centro en Castroagudín", ao enxeñeiro D. Miguel Fariñas Marín, por un importe de 150,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE do 21%, de 31,50 €, o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE incluído), de 181,50 €, con cargo á partida 150.640.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1710**

Dáse conta da publicación no BOPPO de 20 de maio de 2022, das Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonés e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora.  
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## RECURSOS HUMANOS

### PRP2022/1685

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de abril de 2022, por un importe total de 8.010,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XGL	Nº sesións Comisións Informativas	DIETAS INFORMATIVAS	COMISIÓN	TOTAL
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	6	x 130,00	2	x 110,00	1.000,00	
Dª LUZ Mª ABALO PEREZ	6	x 130,00	2	x 110,00	1.000,00	
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	5	x 130,00	2	x 110,00	870,00	
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	6	x 130,00	2	x 110,00	1.000,00	
Dª MATILDE LAYA LORENZO	6	x 130,00	2	x 110,00	1.000,00	
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	2	x 130,00	2	x 110,00	480,00	
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	2	x 130,00	2	x 110,00	480,00	
Dª INMACULADA DIEZ VILLARROYA	2	x 130,00	---	x 110,00	260,00	
D. RAUL SANTAMARIA GONZALEZ	---	x 130,00	---	x 110,00	---	
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	2	x 130,00	2	x 110,00	480,00	
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	2	x 130,00	2	x 110,00	480,00	
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	2	x 130,00	2	x 110,00	480,00	
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	2	x 130,00	2	x 110,00	480,00	
	TOTAL					8.010,00

### PRP2022/1687

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 8.100,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de abril de 2022, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Ciudadanos, por un importe total de 600,00 €

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

## **PRP2022/1649**

Vista a proposta do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda a contratación da póliza de seguro a W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España (W.R. Berkley España) con CIF W0371455G , que ten facilitado Willis Towers Watson Galicia Correduría de Seguros S.A. por un importe total de 393,51 € impuestos incluidos, con cargo á partida 3261 224 Primas de seguros do Proxecto de Orzamento con código 2022-3-CRRTE-6 e para a cobertura de todos os participantes na V edición do Festival Internacional de Música clasclás 2022.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **PRP2022/1650**

Vista a proposta do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para adquisición de DEZ DISPLAYS en forma X de 1,20 x 2,00 metros e a súa adxudicación á empresa VisualGraphics S.L.con CIF B36892016 por un importe total de 508,74 € (420,45 € + 88,29€ do IVE) e con cargo á partida 3261 22602 con código 2022-3-CRRTE-6 para o Festival Internacional de Música clasclás 2022, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **PRP2022/1651**

Vista a proposta do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a Dona Alejandra Rey del Río, con NIF 35454327 B polo importe de 3.509,00 € (2.900,00 € + 609,00 € do IVE ) a realización de traballos de asesoramento, apoio técnico, coordinación e execución en colaboración coa dirección do festival e para o desenvolvemento da V edición do Festival Internacional de Música clasclas 2022, desde a data da súa aprobación pola XGL ata a finalización das actividades previstas, e con cargo á partida 3261 22706 do Proxecto con código 2022-3-CRRTE-6 do Orzamento do Festival para o ano 2022, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **MERCADOS**

### **PRP2022/1497**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Claudia Viviana Corredor Muñoz, solicitando autorización para colocar un posto de venda ambulante de froita, con vehículo, polo periodo de mediados de maio ata finais de xullo de 2022 no mirador de Carril, ao final da Rúa Valentín Viiqueira.

Dáse conta de informe do Servizo de Mercados, no que indica que esta modalidade de venda ven contemplada no Art. 3 c) do Regulamento Municipal de Venda Ambulante.

Así emos o artigo 7 establece:

ART. 7. Postos e vehículos de venda ambulante

1. A venda ambulante realizarase en vehículos ou postos facilmente desmontables e con carácter estacional, para a venda de produtos propios de tempada (castañas, froita, churros...), ou

ocasional, nos casos que así o acorde e autorice a Xunta de Goberno Local.

2. As instalacións que se utilicen polo/a titular da autorización, deberán reunir as condicións necesarias para que sirvan de soporte dos artigos que se expenden, debendo reunir as debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público. En ningún caso, estas instalacións sobrepasarán a superficie fixada para o posto autorizado.

4.- As instalacións e/ou vehículos dedicados á venda de produtos alimenticios cumplirán os requisitos establecidos polas normas sectoriais que resulten de aplicación, especialmente as de carácter sanitario, e as que esixa o organismo titular da estrada na que se sitúen.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a Dona Claudia Vivina Corredor Muñoz para a instalación do posto, debendo poñerse en contacto previamente coa Policía Local para a situación exacta do mesmo, axustarse ás condicións fixadas e debendo estar en posesión de toda a documentación para exercer dita venda, así como proceder ao pago das taxas correspondente.

Así mesmo deberase cumplir as seguintes condicións

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes en cada momento.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### MEDIO AMBIENTE

#### **PRP2022/1671**

Dáse conta de informe do Departamento de Medio Ambiente, en relación coa comunicación da Consellería do Medio Rural, de situación de risco en relación á influenza aviaria en aves na que recolle o seguinte:

O pasado 11/01/2022 informámosslle acerca dun cambio na situación epidemolóxica en España con respecto á influenza Aviaria de Alta Patoxenicidade (IAAP) considerándose por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) que nas Zonas de Especial Vixilancia (ZEV), o risco de circulación do virus era alto. En consecuencia adoptaronse unha serie de medidas.

O 04/05/2022 o MAPA procedeu actualizar a situación de risco, segundo a evolución nas últimas semanas da situación epidemiolóxica da IAAP en España, tanto nas aves silvestres como nas domésticas. Así, tendo en conta que desde o pasado 21 de marzo non se ten notificado ningún foco en granxes de aves, e que finalizou o periodo migratorio das aves silvestres desde o norte e o centro de Europa cara ao noso país, decidíuse proceder ao levantamento das medidas acordadas desde o pasado 4 de xaneiro, nos municipios incluídos nas zonas ZEV, agás nos

ubicados na Comunidade de Madrid, na que se localiza o último foco en aves silvestres, acontecido o 26/04/2022.

Dado que en Galicia non se detectou ningún foco de IAAP, nin en aves de curral nin en aves silvestres, non se considera necesario establecer máis restricións, no caso dos concellos incluidos nas zonas ZEV, que as especificadas no punto 1 do artigo 5 da Orden APA/2442/2006, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria

Deste xeito, a única medida a aplicar nos concellos incluidos nas zonas ZEV como é o caso do concello de Vilagarcía de Arousa, é a prohibición da presenza de aves de curral (criadas en granxa) nos centros de concentración, incluindo os certames gandeiros, mostras, exhibicións e celebracións culturais, ainda que poderianse autorizar no caso de que a autoridade competente efectuara unha avaliación do risco con resultado favorable.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## TURISMO

### PRP2022/1712

Dáse conta da documentación técnica presentada por NEW LIVE PROMOCIONES CULTURALES SL para a celebración do Atlantic Fest os días 15, 16 e 17 de xullo na Praia A Concha, redactado por D. Angel Carbajosa Lopez (Arquitecto Técnico e Enxeñeiro de Edificación).

Vista a proposta da Concellería de Turismo e a documentación aportada, a Xunta de Goberno Local acorda remitir o expediente á Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda aos efectos da emisión do informe que proceda, facendo constar que a actividade desenvolverase integralmente no dominio público marítimo-terrestre.

## CULTURA

### PRP2022/1701

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira SL para un servizo de autobús a Catoria (ida e volta) para asistir á representación da obra "Ás oito da tarde, cando morren as nais" o sábado 28 de maio de 2022, por un importe total de 220,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.223.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio fazer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2022/1702

Dáse conta do Convenio para a concesión directa de subvención pública a Asociación Curtas Film Fest, por un importe de 50.000,00 €, con cargo á partida 334.48002, que ten por obxecto subvencionar a 50 edición do "Curtas Festival do Imaxinario" que se celebrará en Vilagarcía de Arousa entre o 1 de outubro e o 30 de novembro de 2022.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio e o recoñecemento de obriga do 50% do total da subvención, é decir, 25.000,00 €.

## CONTRATACIÓN

### PRP2022/1629

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o Contrato de Servizos denominado "Dirección de execución material e cooordinación de seguridade e saúde da obra de Reforma de Local na Rúa Castelao 7 para Biblioteca Municipal" ao Arquitecto Técnico D. Xulio Fernández Pazó, por importe de 14.875,00 € (sen IVE) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 3.123,75 €, o que totaliza unha oferta (IVE incluído) de 17.998,75 €, de acordo coa oferta presentada, con cargo á partida 150.640.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **PRP2022/1676**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 15 de novembro de 2021 aprobouse a modificación nº 1 do proxecto de "Rede de ciclovias de Vilagarcía de Arousa: Fase II A", redactado polo director de obra don Alexandre Mouríño Fernández.

No proxecto modificado (páxina 15 – punto 6) indícase que: "As obras descritas no Proxecto Orixinal teñen un prazo de execución de OITO (8) MESES. Tendo en conta as características das obras novas non previstas orixinalmente que se describiron nesta memoria, considérase que se debe ampliar o prazo da obra en TRES (3) MESES a contar desde a aprobación do presente proxecto modificado."

Ao aprobar o proxecto modificado sen condición, enténdese que este se aprobou en todos os aspectos contemplados no mesmo, incluído aumento do prazo de execución en 3 meses, co que este terminaría o 10 de abril de 2022.

Así se fixo constar no contrato asinado entre o adxudicatario e este concello, con ocasión do modificado, que na súa cláusula 2<sup>a</sup> establece: "As obras descritas no Proxecto Orixinal teñen un prazo de execución de OITO (8) MESES. Tendo en conta as características das obras novas non previstas orixinalmente que se contemplan no proxecto modificado, o prazo de execución da obra se amplia en TRES (3) MESES"

Con todo e para os efectos de que conste expresamente, vista a proposta da Concelleira de Urbanismo e Xestión de Fondos Europeos, a Xunta de Goberno Local acorda a adicción ao citado acordo, do seguinte:

"De acordo co establecido na páxina 15-punto 6 do proxecto modificado aumentase o prazo de execución dos traballos en 3 meses, co que o prazo total de execución do contrato pasa a ser de 11 meses."

## **PRP2022/1677**

Por acuerdo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de novembro de 2019 adxudicouse o contrato de servizos denominado CT 06/2019 "Mantemento preventivo e correctivo dos sistemas de alarma de incendios e roubo/intrusión instalados nos edificios e instalacións dependentes do concello de Vilagarcía, así como a conexión destas alarmas con central homologada", á empresa Techco Seguridad, S.L.

A duración do contrato, de acordo co dispuesto no prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a licitación, era inicialmente de 2 anos, contados a partir do 1 de decembro de 2019, sendo susceptible de prórroga por outros dous anos (duración total do contrato incluídas as prórrogas: 4 anos).

Con data 02/09/2021 elevouse a escritura pública a fusión por absorción da empresa Techco Seguridad, S.L.U. CIF B82929951 (sociedade absorbida) por Securitas Seguridad España S.A. CIF A 79252219 (sociedade absorbente), a cal foi inscrita no Rexistro Mercantil ata o

20/12/2021. Isto conlevou que a empresa contratista non puidera solicitar a prórroga do contrato, xa que non dispoña dos novos certificados electrónicos para a presentación da solicitude no rexistro xeral do Concello (as persoas xurídicas teñen a obriga de relacionarse electronicamente coa administración), se ben continuou prestando o servizo ata a actualidade.

Visto o informe da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Autorizar a sucesión de Techco Seguridad, S.L.. con CIF B82929951 (sociedade absorbida) pola sociedade Securitas Seguridad España, S.A. (sociedad absorbente) con CIF A 79252219, no contrato de servizos denominado CT 06/2019 “Mantemento preventivo e correctivo dos sistemas de alarma de incendios e roubo/intrusión instalados nos edificios e instalacións dependentes do concello de Vilagarcía, así como a conexión destas alarmas con central homologada” .
- Prorrogar, con efectos 01/12/2021 e un prazo de duración de dous anos, o contrato servizos denominado CT 06/2019 “Mantemento preventivo e correctivo dos sistemas de alarma de incendios e roubo/intrusión instalados nos edificios e instalacións dependentes do concello de Vilagarcía, así como a conexión destas alarmas con central homologada”, coa empresa Securitas Seguridad España S.A., con CIF A79252219 (sociedade resultante da fusión por absorción realizada en virtude de escritura pública de data 02/09/2021).

#### **PRP2022/1691**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar o contrato de servizos denominado “Dirección de obra en instalacións e sistemas enerxéticos na obra de reforma de local na Rúa Castelao, 7 para biblioteca municipal” á mercantil INOUS ENXEÑERÍA GLOBAL, S.L. (B70165428), por importe de 12.000,00 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.520,00 € o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 14.520,00 €, de acordo coa oferta presentada, con cargo á partida 150.640.

Comunicar á citada mercantil que, unha vez adxudicado o contrato, deberá designar ao técnico que asumirá os traballos obxecto do contrato, debendo achegar os seus datos persoais e número de colexiado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1330**

Dáse conta do expediente de contratación CT 24-2021-e , tramtado mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do expediente de contratación e anticipado de gasto, mediante licitación electrónica, para adxudicar as obras contempladas no proxecto denominado “proxecto básico e de execución de Humanización de Rúa Arcebispo Lago”, cofinanciadas POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECMENTO SOSTIBLE 2014-2020 (EDUSI) VILAGARCIA AVANZA, DENTRO DA LIÑA DE ACTUACIÓN DENOMINADA (VLG LA23 MARMONTA) CREACIÓN DUN PARQUE METROPOLITANO DE UNIÓN MAR-MONTAÑA (URBANO-RURAL) - Proxecto 2018-2-DUSI-13 (2), ASÍ COMO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2021 E Á LIÑA DE SUBVENCIÓN CONVOCADA POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS OU EXECUCIÓN DE OBRAS DE MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DOS ESPAZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DA REDE ÁGORA , cun orzamento de licitación de 636.435,80 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: B33302696 AUDECA, S.L.U.

NIF: B15840861 BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas S.L.

NIF: B15675515 CITANIAS Obras y Servicios SLU

NIF: B36684157 CIVIS GLOBAL, S.L.U

NIF: B36133916 CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.

NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

NIF: B32184558 CONSTRUCCIONES OREGA

NIF: B36024933 CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

NIF: B36162030 CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L

NIF: B32197105 Desmaco slu

NIF: A15210669 LOPEZ Y LEIS,S.A.

NIF: A32118705 MISTURAS, S.A.

NIF: B36130649 MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.

NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

NIF: B36494185 ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

NIF: A70319678 PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

NIF: B70372032 SERGONSA SERVICIOS, S.L.

NIF: B27808641 SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L

NIF: A99249674 TERRAQUA SERVICIOS Y OBRAS SA

NIF: B36816189 UTE ARZOBISPO LAGO

NIF: B94006947 VILARIÑO ESP, S.L.U.

NIF: 36746584 XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.

A mesa de contratación acorda non admitir a xustificación da oferta anormal ou desproporcionada presentada polos licitadores SODEIN SOLUCIÓN INTEGRAIS SL, TERRAQUA SERVIZOS E OBRAS SA, VILARIÑO ESP SLU, CIVIS GLOBAL SLU, CONSTRUCIÓN OBRAS E VIARIAS SA (COVSA) e CITANIAS Obras e Servizos SLU (UTE CITANIS E GRUPO MARIÑO) de conformidade co informe do Arquitecto Municipal e, consecuentemente, propoñer ao órgano de contratación o rexeitamento das mesmas e a exclusión das devanditas ofertas da clasificación.

Unha vez evacuados os informes polos servizos técnicos municipais e propostas para aúa exclusión as empresas Sodein Solucións Integrais, S.L.; Vilariño, S.L.U., Civis Global, S.L.U.; Construccións, Obras e Viarias, S.A.; Terraqua Servizos e Obras, S.A. e Citanias Obras e Servizos SLU (UTE Citanias e Grupo Mariño) ao estar, as súas ofertas, incursas en valores anormais ou desproporcionados, procédese á valoración das proposicións de acordo aos criterios de valoración e adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, co seguinte resultado:

LICITADOR	Oferta excluído	IVE	Puntos Oferta economica	Melljora ABAST.A-2-1	Mellora PAVIM. A-2-2	Mellora HORMIG.A-2-3	Total Puntos
SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L	419.775,28	30,00	53,67	4,11	12,22		Proposto para exclusión
VILARIÑO ESP, S.L.U.	420.865,13	29,69	53,67	4,11	12,22		Proposto para exclusión
CIVIS GLOBAL, S.L.U	433.775,71	26,05	53,67	4,11	12,22		Proposto para exclusión
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	446.346,63	22,49	53,67	4,11	12,22		Proposto para exclusión
TERRAQUA SERVICIOS Y OBRAS SA	447.083,00	22,29	53,67	4,11	12,22		Proposto para exclusión
CITANIAS Obras y Servicios SLU ( UTE CITANIAS Y GRUPO MARIÑO)	447.766,77	22,09	53,67	4,11	12,22		Proposto para exclusión
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	462.441,62	17,95	53,67	4,11	12,22		87,95
MISTURAS, S.A.	465.544,00	17,07	53,67	4,11	12,22		87,07

MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	468.753,38	16,16	53,67	4,11	12,22	86,16
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L.	474.959,94	14,41	53,67	4,11	12,22	84,41
UTE ARZOBISPO LAGO (CONST CASTRO FIGUEIRO Y ASFALGAL)	475.538,52	14,25	53,67	4,11	12,22	84,25
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	475.854,11	14,16	53,67	4,11	12,22	84,16
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	489.108,80	10,42	53,67	4,11	12,22	80,42
BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas S.L.	489.129,94	10,41	53,67	4,11	12,22	80,41
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	492.800,00	9,37	53,67	4,11	12,22	79,37
CONSTRUCCIONES OREGA	493.842,62	9,08	53,67	4,11	12,22	79,08
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	499.155,02	7,58	53,67	4,11	12,22	77,58
AUDECA S.L.U.	463.756,57	17,58	53,67	4,11	0	75,36
MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.	513.303,88	3,58	53,67	4,11	12,22	73,58
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	497.612,00	8,01	0	4,11	0	12,12
LOPEZ Y LEIS,S.A.	520.000,00	1,69	0	4,11	0	5,80
DESMACO S.L.U.	525.980,00	0,00	0	0	0	0,00

De conformidade á evaluación das propostas aportadas polos licitadores, as puntuaciones obtidas son las seguintes, ordeadas de maneira decrecente:

Orde: 1NIF: B27808641 SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L Proposto para su exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: B94006947 VILARIÑO ESP, S.L.U. Proposto para exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 99.69

Total puntuación: 99.69

Orde: 3NIF: B36684157 CIVIS GLOBAL, S.L.U Proposto para exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 96.05

Total puntuación: 96.05

Orde: 4NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) Proposto para exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 92.49

Total puntuación: 92.49

Orde: 5NIF: A99249674 TERRAQUA SERVICIOS Y OBRAS SA Proposto para exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 92.29

Total puntuación: 92.29

Orde: 6NIF: 277700 CITANIAS Obras y Servicios SLU Proposto para exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 92.09

Total puntuación: 92.09

Orde: 7NIF: A70319678 PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 87.95

Total puntuación: 87.95

Orde: 8NIF: A32118705 MISTURAS, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 87.07

Total puntuación: 87.07

Orde: 9NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 86.16

Total puntuación: 86.16

Orde: 10NIF: B36162030 CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 84.41

Total puntuación: 84.41

Orde: 11NIF: 277681 UTE ARZOBISPO LAGO

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 84.25

Total puntuación: 84.25

Orde: 12NIF: B36494185 ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 84.16

Total puntuación: 84.16

Orde: 13NIF: B36024933 CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 80.42

Total puntuación: 80.42

Orde: 14NIF: B15840861 BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 80.41

Total puntuación: 80.41

Orde: 15NIF: B36133916 CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 79.37

Total puntuación: 79.37

Orde: 16NIF: B32184558 CONSTRUCCIONES OREGA

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 79.08

Total puntuación: 79.08

Orde: 17NIF: 36746584 XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 77.58

Total puntuación: 77.58

Orde: 18NIF: B33302696 AUDECA, S.L.U.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 75.36

Total puntuación: 75.36

Orde: 19NIF: B36130649 MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 73.58

Total puntuación: 73.58

Orde: 20NIF: B70372032 SERGONSA SERVICIOS, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 12.12

Total puntuación: 12.12

Orde: 21NIF: A15210669 LOPEZ Y LEIS,S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 5.8

Total puntuación: 5.8

Orde: 22NIF: B32197105 DESMARCO SLU

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 0

Total puntuación: 0

Á vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- A exclusión da licitación, polos motivos expresados nos informes técnicos, das empresas que a seguir se indican:

SODEIN SOLUCIÓNS INTEGRAIS, S.L

TERRAQUA SERVIZOS E OBRAS SA

VILARIÑO ESP, S.L.U.

CIVIS GLOBAL, S.L.U

CONSTRUCIÓNS OBRAS E VIARIAS, S.A. (COVSA)

CITANIAS Obras e Servizos SLU (UTE CITANIAS E GRUPO MARIÑO

